

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DIA 20 NOVEMBRO DO 2006.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de novembro de dous mil seis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 13 de Novembro do dous mil seis (Ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

**CONDICIONS URBANISTICAS.-**

**Expte: 15/11/2006/5294-CU/365:** Vista a solicitude de **Chao Escudero S.A.**, con domicilio na estrada OUR-211 Km 0,5, Val de Pereira, no que interesa información urbanística aplicable a unha parcela sita na Telleira-A Quinza OU-211, Val de Pereira-Gomariz (Ref. Catastral, Polígono 15, Parcela 933), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 17.11.06, que literalmente di:

“Constan Condicións Urbanísticas aplicables á Parcela 933 do Polígono 15. (24/03/06)A nave gandeira ou avícola, composta de dúas prantas, ten unha antigüidade superior a 15 anos. A actividade que se desenvolve na nave non se corresponde coa orixinal. Actualmente corresponde a unha actividade clasificada e sen a correspondente licenza. (Carpintería Industrial)

O rexime xurídico de regulación e normalización da actividade que declara o Sr. González Nieves, deberse plantexar pormenorizadamente nos aspectos da calificación y clasificación da parcela, en referencia ao Art. 41 da LOUGA, Decreto 2414/1961, de 30 de novembro RAM e disposicións concorrentes.

Á nave elle de aplicación o rexime de fora de ordenación no fundamento que sinalao Art. 103-2 e Art. 196-4 da LOUGA.

O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espazo natural Ribeiras do Miño, espazo nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

Condicións Urbanísticas e realidade actual da parcela.

Parcela nº 933 do Polígono 15

Corresponde a Solo Rústico, regulado por a Sección IV Solo Rústico, Artigo 31 e seguintes da LOUGA.

Nas Categorías que establece o Art. 32.

b) Solo Rústico de Protección Forestal

c) Solo Rústico de Protección de Infraestructuras.

Realidade Actual:

Corresponde a unha parcela con monte baixo e bosque.

Discorre unha liña de transporte de alta tensión, coa súa correspondente servidume tecnolóxica e unha torreta ubicada na parcela. Igualmente, sobre 1 parcela atópase construída unha nave gandeira ou avícola, composta de dúas prantas.

Actualmente a nave desenvolve a actividade de carpintería industrial. (fabrica de ataúdes)

No seu exterior e na parte que da á Estrada OU-211 Valdepereira Gomariz, está instalado un silo metálico de recollida de residuos do traballo da madeira, virutas e serrín.

Axúntaes co presente informe:

Formulario Autorizacións en Solo Rústico.

Plano Catastral, Polígono 15.

Plano Cartografía NNSSM, E 1: 10.000”

**Expte: 13/10/2006/4754-CU/332:** Vista a solicitude de **Don Daniel Domínguez Rodríguez**, con domicilio en Prexigueiro nº 37, no que interesa información urbanística aplicable a unha parcela sita en Chan do Baño- Prexigueiro (Ref. Catastral, Polígono 57, Parcela 398), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 17.11.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espazo natural Ribeiras do Miño, espazo nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de

xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. Na memoria das NNSSM, consta Prexigueiro como Núcleo Rural sen que conste a representación gráfica de dito Núcleo.
2. Ante a falta de concreción gráfica do documento de ordenación, é de aplicación o Art. 13 Solo Urbano de Núcleo Rural da LOUGA, e disposicións complementarias.
3. Pero si se poderá tomar como documentos obxectivos o documento urbanístico que para a súa Aprobación Inicial foi sometido ao Dictame da Administración Urbanística da XUNTA.
  - a. Non figurando a parcela 398 dentro da área correspondente ao Núcleo Tradicional nin á Zoa de Expansión do N.R. de Prexigueiro.
4. Por o que dita parcela nº 398 corresponde a Solo clasificado como Rústico.
5. É de aplicación o Art. 31 “Facultades e deberes dos propietarios de solo rústico”, e seguintes.
  - a. Na Categoría que sinala o Art. 32 Categorías. Art. 32-1 “Solo Rústico de Protección Ordinaria”.
6. Axúntase co presente informe:
  - a. Plano Catastral.
  - b. Art. 31 e seguintes da LOUGA."

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Dirección Xeral de Administración Local, Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cedendo en propiedade dous equipos informáticos para realización de actividades comprendidas no obxecto da Orde do 6 de xullo de 2006, consistentes en Ordenadores HP DX5150, procedsador AMD Dual Core Athon, memoria RAM 1 GB, disco duro 80 Gh, Lector DVD, Pantalla TFT 17”.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a cesión dos equipos nas condicións sinaladas no artigo 7.3 da citada Orde e que de seguido transscríbese:

- a) Compromiso de mantemento e conservación do equipamento informático cedido.
- b) Compromiso de destinar ó equipamento informático ao fin para o que foi cedido, así como contribuír ao avance das relacións telemáticas entre a Administración local e a autonómica a través do portal dos Concellos Eido Local.

c) Compromiso de disposición da sinatura dixital para o Alcalde presidente, o Secretario, Interventor da Corporación Local, no prazo máximo de dous meses dende a recepción do equipamento informático.

- “Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas e baixa no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

- “ Da Dirección Xeral de Xuventude e Solidaridade, Resolución concedendo subvención para o fomento e realización de actividades de voluntariado (594,09) euros”.

- “ Da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, comunicando informe da Consultoria Adantia S.L-ATC S.A., sobre a E.D.A.R. de Francelos”.

- “Da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, comunicando Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible outorgando subvención para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade ( Avanzando sen esmagar + Ecolandia), por importe de 3.800 euros”.

- “Da Dirección Xeral de Protección Civil, homologación do Plan de Actuación Municipal (PAM) de Transporte de Mercadorías Perigosas e de Incendios Forestais do Concello de Ribadavia “.

- “De Aqualia, resultados do análises de auga pública correspondentes os meses de agosto, setembro e outubro; resultado dos análise da Edar de Francelos, correspondente os meses de xullo, agosto e setembro”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DO PLANO DE SEGURIDADE E SAUDE.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Plan de Seguridade e Saúde para a obra denominada “Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia. Infraestructuras Xerais. Rúa Mérelles Caúla”, plan que se atopa informado favorablemente polo coordinador de Seguridade e Saúde, dona Sara Garcia Justo.”

### **NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDAD E SAÚDE.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanidade, en aplicación do estipulado no Real Decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde, acorda nomear Coordinador en materia de Seguridade e Saúde da obra denominada “Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia. Infraestructuras Xerais. Mérelles Caúla” a Dona Sara Garcia Justo, en representación da empresa Grupo MGO S.A.”.

### **APROBACION DE CONVENIO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e Asociación Recreativa Santa Marta, para a utilización do Polideportivo municipal “O Consello” e o Pavillón Municipal Maquians”.

#### **CONCESION DE SUBVENCIONS.-**

Habéndose producido un erro nun acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de outubro pasado, a Xunta de Goberno Local, acorda rectifica-lo quedando o mesmo do seguinte xeito: “A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a Asociación Cultural Ribadavia Activa-T, pola organización da Noite Meiga, unha subvención de 150 euros.

A concesión das subvencións rexerese pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación aos fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.”

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.